

CARBALLO

Colexios da Costa da Morte lembran a Rosalía de Castro

Varios concellos da zona sumáronse tamén á celebración e á declaración do Día Internacional da Lingua Materna

Á. P. CARBALLO / LA VOZ
22 de febrero de 2013 05:00



Representantes da Laracha celebraron en Arteixo o Día Internacional da Lingua Materna.
MONCHO FUENTES

A celebración do 176 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro terá un importante eco na comarca, onde tanto os centros educativos como algúns concellos non deixarán pasar por alto tan sinalada efeméride, máis aínda cando se cumpren 150 anos da publicación dun dos seus poemarios máis sobranceiros, *Cantares gallegos*.

Os primeiros en conmemorar este aniversario son os centros educativos que aproveitarán para ilo a xornada lectiva de hoxe. É o caso do CPI As Revoltas, de Cabana, onde haberá un recital colectivo do sétimo poema do libro («Fun un domingo...»), así como do IES Alfredo Brañas, de Carballo, que lembrará tamén á ilustre escritora coas súas propias creacións. Ademais, o centro cabanés, xunto cos colexios O Areal, de Camariñas; Alcalde Xosé Pichel, de Coristanco, e Os Muíños, de Muxía, participan nunha iniciativa organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega para promover lecturas colectivas de *Cantares gallegos*. Os alumnos de cada un dos centros participantes -73 de toda Galicia- fixeron lecturas dos poemas que dan forma a ese libro e graváronos en vídeo para facer unha montaxe final (dúas dada a boa acollida da iniciativa). No caso dos pequenos de Os Muíños, ese recitado tivo lugar no entorno do santuario da Barca.

No eido institucional, o Concello de Corcubión tamén se sumou de xeito simbólico cun comunicado a esta conmemoración e o de Fisterra programou para o domingo unha homenaxe, no que a música e o teatro acompañarán aos versos de Rosalía.

Día das Linguas Minoritarias

Ademais de polos poemas de Rosalía, a lingua galega tamén está de celebración polo Día Internacional da Lingua Materna, unha xornada instituída en 1999 pola Unesco para promover a transmisión dos idiomas non maioritarios.

O acto central desta efeméride, promovida pola Rede de Dinamización Lingüística, celebrouse onte en Arteixo coa presenza do secretario xeral de Política Lingüística e presidente da entidade, Valentín García. Ata alí desprazáronse responsables dos concellos que forman parte da rede, entre os que se atopa A Laracha, que estivo representada polo primeiro tenente de alcalde, Ramón Martínez Barbeito, e pola concelleira Rocío López Rey.

Tamén se sumou a esta data o Concello de Cerceda adheríndose a unha declaración que sinala como unha responsabilidade e un deber, pero tamén como unha oportunidade, unha sorte, unha vantaxe e un orgullo, respectar e usar o galego.